

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Clasificar como de interese cultural a *Fundación Manuel María de Estudos Galegos* adscribíndoa á Consellería de Cultura e Deporte que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Resolución do 23 de maio de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se adscribe definitivamente o profesorado que se relaciona ao Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, supuxo a implantación dun novo sistema educativo. No artigo 39.1º desa lei determínase un modelo de ensinanzas de música baseado en tres graos: o elemental, o medio e o superior. Esta división en tres graos mantense no artigo 45.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Como consecuencia do desenvolvemento do novo sistema educativo ditouse o Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas. Este real decreto implica que non se poden impartir os tres graos nas mesmas instalacións. En efecto, o artigo 9 do mesmo establece que os centros profesionais impartirán as ensinanzas de grao medio e, se é o caso, poderán impartir as de grao elemental, pero os centros superiores unicamente as ensinanzas de música correspondentes ao grao superior.

O sinalado no parágrafo anterior deu lugar a que por Orde do 11 de abril de 2003 se autorizase o desdobraemento dos conservatorios superiores de música da Coruña e Vigo, que ata entón impartían os graos elemental, profesional e superior das ensinanzas de música, creándose en cada cidade un conservatorio superior, para impartir o grao superior das ensinanzas de música, e un conservatorio profesional, para impartir os graos elemental e profesional das ensinanzas de música.

O Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, que regula os concursos de traslados de ámbito nacional

para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes, sinala na súa disposición adicional décimo cuarta que nos casos en que se produza un cambio de ensinanzas dun centro a outro, os profesores das especialidades afectadas quedarán adscritos ao novo centro, mantendo para todos os efectos a antigüidade que posuían no centro de orixe.

Como consecuencia de todo o anterior, por Resolución do 10 de xuño de 2003 da Dirección Xeral de Persoal (DOG do 4 de xullo) adscribíase definitivamente o profesorado que se relacionaba aos conservatorios de música da Coruña e Vigo.

Así mesmo, na antedita Resolución do 10 de xuño de 2003 adscribiuse o profesorado que tiña recoñecido o nivel de complemento de destino 26 aos conservatorios superiores de música, o que foi obxecto do recurso contencioso-administrativo número 846/2003, que deu lugar á sentenza do 7 de marzo de 2007 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sentenza en que se declarou nula tal adscrición.

Xa que logo, en execución da sentenza do 7 de marzo de 2007, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada no recurso contencioso-administrativo 846/2003, de conformidade cos artigos citados, en especial a disposición adicional décimo cuarta do Real decreto 2112/1998, no uso da habilitación concedida na disposición derradeira da Orde do 11 de abril de 2003 á Dirección Xeral de Persoal, e tendo presente que a Secretaría Xeral asume as antigas competencias da Dirección Xeral de Persoal como consecuencia do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e do Decreto 585/2005, do 29 decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, esta Secretaría Xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Comunicar que o punto segundo da parte dispositiva da Resolución do 10 de xuño de 2003 (DOG do 4 de xullo) do director xeral de Persoal da Consellería de Educación é nulo.

Segundo.-Adscribese con carácter definitivo ao Conservatorio Profesional de Vigo o profesorado que se relaciona no anexo.

Disposición transitoria

O profesorado relacionado no anexo continuará a impartir ensinanzas de grao superior con carácter provisorio mentres siga existindo a necesidade de persoal e non estea regulado o acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2007.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

ANEXO

Apelidos e nome	DNI
Camacho Muelas, Tomás	21356654-G
Estarque Vila, Josefa	358983312-G
Martínez Álvarez Nava, Manuel	10575291-Y
Relova Quinteiro, Roberto Francisco	34954426-S
Rodríguez Conde, Concepción	1626568-P

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Resolución do 26 de marzo de 2007 pola que se publica a relación de axudas concedidas a concellos ao abeiro da Orde do 22 de marzo de 2006, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a proxectos de mellora das infraestruturas enerxéticas en Galicia e se procede á convocatoria das correspondentes a 2006.

Advertido erro na resolución do 26 de marzo de 2007, publicada no DOG nº 75, do mércores 18 de abril de 2007, na táboa correspondente á partida «Uso racional da enerxía nos concellos» (10.03.631A.760.0) faltan os concellos da provincia de Pontevedra, polo que cómpre engadir á citada táboa os seguintes concellos:

USO RACIONAL DA ENERXIA NOS CONCELLOS
10.03.631A.760.0

TITULAR	CIF	PROXECTO	AXUDA €
MONDARIZ BALNEARIO	P-3603000 E	MELLORA DO REND. ENERX. INST. PASEO FLUVIAL	2.062,56
CAMBADOS	P-3600600 E	AFORRO ENERXET. DA ILUMINACION PUBLICA NO CONCELLO.	10.186,63
VALGA	P-3605600 J	CENT. E AFORRO ENERX. DA ILUMINACION PUBLICA	30.748,96
ESTRADA (A)	P-3601700 B	AFORRO ENERXETICO NO NUCLEO URBANO DA ESTRADA	20.074,78
SANXENXO	P-3605100 A	AFORRO ENERX. NA ILUMINACION PUBLICA	177.081,06
SALCEDA DE CASELAS	P-3604900 E	AFORRO ENERXETICO DA ILUMINACION PUBLICA	21.584,90
PORRIÑO (O)	P-3603900 F	AFORRO ENERX. DA ILUMINACION PUBLICA	21.909,14
GROVE (O)	P-3602200 B	AFORRO ENERX. DA ILUMINACION PUBLICA	38.973,87
RIBADUMIA	P-3604600 A	AFORRO ENERXETICO DA ILUMINACION PUBLICA	21.501,13
VILABOA	P-3605800 F	AFORRO ENERX. DA ILUMINACION PUBLICA	29.876,08
RIBADUMIA	P-3604600 A	REFORMA E INST. ELECTRICA EN CENTRO CULTURAL	8.176,40
COTOBADE	P-3601200 C	AFORRO ENERXETICO NA ILUMINACION PUBLICA	13.793,10
MOS	P-3603300 I	AFORRO ENERXETICO EN SAN RAFAEL (PEREIRAS)	11.235,74
CALDAS DE REIS	P-3600500 G	AFORRO ENERXETICO ILUMINACION PUBLICA NO CONCELLO	23.265,89
MARIN	P-3602600 C	AFORRO ENERXETICO ILUMINACION PUBLICA NO CONCELLO	76.715,60
PONTE CALDELAS	P-3604300 H	AFOR. ENERXET. QUINTAN, GRADIN, 27, PARADELA.	30.982,03
RODEIRO	P-3604700 I	AFORRO ENERXETICO NO CONCELLO RODEIRO	7.759,09

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 14 de maio de 2007 pola que se modifica a do 9 de xaneiro pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2007.

A Orde do 9 de xaneiro de 2007 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2007 (DOG nº 11, do 16 de xaneiro), e na súa correc-

ción publicada no DOG nº 35, do 19 de febreiro, establece no seu artigo 6 os períodos autorizados durante o ano 2007 para a captura de determinadas especies de crustáceos, entre os cales se encontra a nécora.

Tendo en conta a solicitude presentada polo sector, así como o establecido no artigo 14.1º do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, resulta posible adoptar a decisión de ampliar o período autorizado para a captura da nécora.

Na súa virtude,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do artigo 6 da Orde do 9 de xaneiro de 2007.

Modifícase o último número do artigo 6 da Orde do 9 de xaneiro de 2007 pola que se aproba o Plan Xeral de Explotación Marisqueira para o ano 2007, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 6º.-Outros crustáceos.

De acordo co establecido no artigo 14 do Decreto 423/1993, do 17 de decembro, modificado polo Decreto 237/2002, do 11 de xullo, os períodos autorizados para o ano 2007 para a captura doutras especies de crustáceos establécense como segue:

Nécora (*Necora puber*): do 2 ao 5 de xaneiro e do 9 de xullo ao 31 de decembro.

Lumbrigante (*Homarus gammarus*): do 2 de xullo ao 31 de agosto.

Santiaguíño (*Scyllarus arctus*): do 1 de outubro ao 31 de decembro.

Lagosta (*Palinurus elephas*): do 2 de xullo ao 31 de agosto.

Cangrexo (*Carcinus maenas*): todo o ano.

Conguito (*Macropipus corrugatus*) e patulate (*Macropipus depurador*): do 2 de xaneiro ao 30 de marzo e do 2 de xullo ao 31 de decembro.

Centola (*Maia squinado*) e boi (*Cancer pagurus*): 2 de xaneiro ao 29 de xuño, e do 23 de novembro ata o 31 de decembro.

Nas zonas sinaladas no anexo I, a centola e o boi só se poderán extraer desde o 1 de febreiro ata o 29 de xuño».

Disposición derradeira

Única.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2007.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos